




# VENRES 8 DE MAIO DE 2020

## MIRÓN

- A actividade de hoxe consiste en buscar os números veciños! (anterior e posterior). Como veredes no documento adxunto, hai diferentes táboas con números. O número central precisa que lle axudedes a atopar aos seus veciños. Por exemplo, o número 2 ten un veciño detrás que é o 1 e un veciño diante que é o 3. Teredes que poñer unha pinza (ou o que queirades) nos números veciños. Por exemplo, así:



- Os nenos/as de 3 anos poden facelo ata o número 5.
- 4 anos ata o número 6 ou máis, dependendo do desenvolto que os vexades.
- 5 anos ata o 10 ou todos os números se vedes que se desenvolven con facilidade.

DESPOIS:

3 anos: practicarán o trazo da serie numérica ata o 4 ou 5. Así, por exemplo:



- 4 e 5 anos: escribirá os números ata o 10. Logo, tirará un dado, escribirá o número que saia e pensará o número anterior e posterior a ese, que despois escribirá a cada lado. Para facer esta actividade os nenos/as poderán mirar os números que previamente fixeron, pois así lles resultará máis fácil situar os números anteriores e posteriores dentro da serie numérica.
- 5 anos, para aqueles que realicen con facilidade a actividade con números altos: tirarán dous dados e sumarán os números que saian (se non tedes dous dados, tirades un dúas veces). Sumarán os dous números que saian e, despois, pensarán no número anterior e posterior a ese.
- Grazas, forza e ánimo.

